

Don
FERRETIN
FERRETÓN
e o seu
CADELO
LAMBÓN

CRISTINA CORRAL SOULÁN

AURORA CASUDO ROMÁN



QUEN É O CAN DE PALLEIRO?

Na nosa terra, en Galicia, existen unha serie de animais autóctonos, é dicir, que son orixinarios do noso territorio. Hoxe imosvos falar dun deles, un can, concretamente ao que lle chamamos "Can de palleiro".



POR QUE LLE CHAMAMOS ASÍ?

Este tipo de can adoita vivir nun lugar moi especial nas casas das aldeas: o palleiro, que é o lugar onde se garda a palla. Ese foi dende sempre o seu lugar favorito para estar, de aí que a este can se lle chame "Can de palleiro", pois así, ao falarmos del, mencionamos o lugar onde vive e dorme no tempo en que non anda de aventuras.



COMO É POR FORA?

O can de palleiro é grandote, como a súa cabeza, que tamén o é, pero non ten papada. Os seus ollos son de tamaño medio, mais parece que sempre están moi espertos e atentos ao que pasa ao seu redor. Tamén ten as orellas dereitiñas para escoitar o que acontece canda el. É rápido e cuns bos músculos, o que lle permite andar por toda Galicia adiante.

O seu corpo é alongado e ten unhas patas moi firmes e grosas, para correr de aquí para acolá en busca de aventuras. O peito é ancho e forte, como as súas costas. A cola é grosa e ten un pelo moi frondoso no lugar onde esta lle medra. O pelo do can de palleiro é moi groso, especialmente en inverno, xa que adoita vivir fora.



DE QUE COR SON OS CANS DE PALLEIRO?

Case sempre teñen todo o corpo da mesma cor: canela, castaño, lobuno e incluso negro. Aínda que ás veces teñen o corpo con pequenas mesturas de cor: pelos amarelos e escuros, amarelando no colo, na zona da gorxa, peito e patas.

EN QUE É BO O CAN DE PALLEIRO?

O can de palleiro é un fantástico can pastor ou de garda. É un compañeiro moi fiel e encántalle coidar, tanto, que moitas veces o veremos acompañando ás persoas maiores da casa mentres van de paseo. É moi agarimoso cos da casa e amósase desconfiado coas persoas estrañas.

É moi aventureiro e como ten moito sentidiño e é xeitoso, podería ser un perfecto can policía, de rescate ou de axuda.

Hoxe poderedes comprobar todo isto nesta historia que vos imos contar.



ORELLAS


OJOS

COLO

FOCIÓN

EXTREMIDADES

RABO



Don Ferretín Ferretón tiña un can guapo,
grande e lambón.

Era o cadelo ben listo e larpeiro, vamos,
un deses cans que din "de palleiro".

